

# Problemas frecuentes e solucións para facer a inscrición por pasarela electrónica en actividades de Xistra.org

Dado que están informándose que hai interesados en inscribirse a través da nosa plataforma e que aproximadamente 2 de cada 100 persoas teñen problemas coa pasarela, dámoslles unha serie de recomendacións para que poidan facer a inscrición sen problemas:

1. Recomendamos que **fagan as operacións dende un ordenador**, preferiblemente con Windows ou con Linux (comprobados) e con navegador **Firefox** ou Chromium (comprobados), a poder ser **conectados directamente por cable a internet** (preferible a usar wifi). Ante todo **actualicen o seu Sistema Operativo e o seu navegador web**. Pode funcionar noutros sistemas operativos e con outros navegadores, pero non están comprobados. **Nunca fagan a inscrición dende o móbil**: o sistema está preparado e garantimos que funciona con Android, pero é onde máis problemas teñen os usuarios.
2. Revisen que a súa tarxeta bancaria non estea caducada.
3. Revisen que teñen saldo na súa tarxeta bancaria ou na conta asociada.
4. No momento do pago comprobén que introducen correctamente tódolos díxitos, as datas de caducidade e o código posterior da tarxeta.
5. Se fan a operación con Bizum comprobén que as claves son as correctas.
6. Se a súa tarxeta pide confirmación ou solicita un Token non se demore e confirme os datos dentro do tempo máximo. Debe ter o teléfono de confirmación prendido e preto, sen outros programas correndo.
7. Se a súa tarxeta está ligada cunha aplicación no seu móbil (APP de Banca Electrónica), probablemente aparecerá unha pantalla emerxente para aceptar a operación. Clique en aceptar e agarde sen pechar a fiestra.
8. Se despois de comprobar todo isto segue tendo problemas, intente facer a operación dende outro ordenador e outra localización.
9. **En caso de que faga todo isto e aínda así non lle funcione, mande un correo con tódolos seus datos identificadores a [info@xistra.org](mailto:info@xistra.org) e indique tódolos pasos que realizou antes, e as mensaxes de erro recibidas. Intentaremos axudarlle.**